



Concello de Cangas

CLAUSURA DAS ESCOLAS DE PAIS E NAIS

As escolas de pais e nais desenvolvéronse en diferentes centros de ensino do concello durante este curso 2016/2017.

Cangas, 01/06/2017

A clausura das escolas de pais e nais terá lugar mañá venres 2 de xuño ás 20:00 horas na Casa da Cultura e ao acto de entrega de diplomas ás diferentes persoas participantes asistirá o Concelleiro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade Tomás Hermelo.

A escola de pais e nais é unha actividade quincenal que se desenvolve nos centros de ensino na que se tratan temas psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que teñen que ver coa formación dos fillos e fillas como persoas. Temas como a comunicación e o benestar da familia, as habilidades sociais, o manexo emocional, a educación para a saúde ou a autoestima, se abordan nas clases dunha maneira amena, sinxela, participativa e aberta.

Non é unha reunión de persoas expertas, senón de pais e nais que se xuntan nun espazo de reflexión onde se pode falar, onde te escoitan e onde podes aprender e aportar algo. O clima que se crea é de gran confianza, xa que as persoas que asisten teñen intereses semellantes respecto á crianza de fillos e fillas: que sexan responsables, que respecten ás outras persoas, que teñan habilidades para enfrontarse aos problemas, que estean ben, etc. A educación é a mellor estratexia para acadar esta meta.

A ningún lle ensinaron a ser pai ou nai pero lembremos que somos modelos a imitar. Influír dun xeito positivo nos fillos e fillas fará que poidamos axudalos na súa andaina pola vida. Nestas escolas pasámolo ben aprendendo para que pais e nais gocen educando.

Para facilitar a asistencia de pais e nais a estas escolas contamos con un equipo de monitor e monitora que coidan e xogan cos fillos e fillas mentres os proxenitores están reunidos .

Esta actividade é totalmente gratuíta.

Centros onde se impartiron as escolas:

Martes ás 16:30 horas no CEIP A Rúa e no CEIP Espiñeira, Aldán.



Concello de Cangas

Martes ás 19:00 horas no IES Rodeira (para pais e nais con fillos e fillas escolarizadas en ESO ou Bacharelatos en calquera instituto).

Mércores ás 17:00 horas no CEIP San Roque e na E.I. Choupana.

Xoves ás 15:30 horas no Colexio Eduardo Pondal.

Xoves ás 17:00 horas no CEIP O Hío.

Xoves ás 17:15 horas no CEIP Castrillón, Coiro.

Para calquera información, contactar con Alberto Casqueiro Iglesias, técnico responsable da actividade, no teléfono 986 303 402 ou na UAD, Avda. Ourense, 46.

Gabinete de comunicación